

ACTA DA ASEMBLEA CELEBRADA NO COLEXIO MÉDICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(C/San Pedro de Mezonzo 39-41 baixo) o 5 de xuño de 2019 ás 17:30 horas

Presidenta: M^a José Fernández Domínguez

Secretario: Xoán Carlos Eirea Eiras

En Santiago, a 5 de xuño de 2019 sendo ás 17:30 horas e convocados os facultativos de Atención Primaria que desenvolven a súa actividade en Galicia, procédese a realizar a votación para determinar se procede a declaración de folga do colectivo, conforme ao establecido no artigo 3.2.b) do Real Decreto 17/1997 do 4 de marzo.

A votación foi establecida mediante acordo dos traballadores (facultativos de Atención Primaria) adoptado na asemblea do 03/06/2019.

Sometida a decisión a votación, que se realizou de forma secreta, o resultado foi o seguinte:

Número total de traballadores presentes	56
Total de votos emitidos	56
Votos a favor da folga	56
Votos en contra da folga	0
Votos en branco	0

O resultado da votación, por tanto, foi favorable á realización dunha folga dos facultativos galegos afectados polo conflito, o día 19 de xuño de 2019.

Así mesmo, acórdase que o comité de folga estará composto polas seguintes persoas:

<u>Nombre</u>	<u>DNI</u>
Pilar Vazquez Saavedra	32762916Z
Jesús Manuel Novo Rodríguez	33839667C
Antonio Regueiro Martinez	35446786Z
Alicia Colmeiro Corral	45848836S
Ana Beatriz Suarez Domínguez	33293633Y
Ana Arceo Túdez	44806676P
M ^a José Fernández Domínguez	34959242R
Luis López Vilar	36009141L
Juan Sánchez Lastres	76345610P
Carmen Loureiro Beloso	35249105H
Ramón Veras Castro	32446591P
Daniel de Bernardo Roca	76904186Y

Os obxectivos que se pretenden acadar coa folga son:

I. Dotación en recursos humanos:

- a. Cobertura de todas as vacantes. Deberemos dispor de datos reais durante o proceso de negociación para fixar con exactitude os números. Estas prazas deberán ser obxecto dunha convocatoria especial de oferta pública de emprego a celebrar no primeiro trimestre do 2020.

- b.** Incremento de prazas de nova creación para dimensionar os cupos, de xeito que se poda garantir a atención de calidade durante todo o ano: 4 horas de consulta ordinaria con 10 minutos coma mínimo por paciente; adecuación dos tempos na atención urxente e continuada, atención domiciliaria, comunitaria, docencia e investigación, seguindo as recomendacións das organizacións internacionais. As mesmas deberanse convocar anualmente en OPE ordinaria.
- II.** Orzamento específico e propio de atención primaria ata acadar en 4 anos o 25%, a razón mínima de incremento anual de 3 puntos porcentuais, excluindo o gasto farmacéutico. O primeiro incremento contemplárase no presuposto do 2020.
- III.** Nun prazo máximo de 6 meses, recuperar as estruturas de xestión de atención primaria, que, ao igual que as hospitalarias, disporán da capacidade de xestión orzamentaria e de recursos humanos propios.
De xeito inmediato, antes do último trimestre do 2019:
 - a. Garantir a derivación de presenza física a todos os servizos hospitalarios con interconsultas preferentes de resposta en 15 días.
 - b. Garantir a teleconsulta en todos os servizos hospitalarios e que teña resposta telemática en 7 días.
 - c. Acceso á tecnoloxía diagnóstica nas mesmas condicións que os facultativos hospitalarios.
 - d. Protocolos e programas consensuados e de aplicación bidireccional.
- IV.** Incorporación de novos profesionais con contratos de continuidade cun tempo mínimo dun ano, sen condicións de dispoñibilidade obrigatoria.
 - a. Non creación de prazas estruturais con características das de temporalidade.
 - b. O 100% da carteira de traballo facilitarase con, alomenos, un mes de antelación.
 - c. A cobertura das baixas de máis de 15 días seguirase facendo mediante contratos de substitución que non deberán de fraccionarse.
 - d. Oferta de 2 modelos de contrato diferenciados, un para atención ordinaria e outro para PAC.
- V.** Resolver as reivindicacións aínda pendentes do persoal dos puntos de atención continuada:
 - a. Cobro de complementos de nocturnidade e festividade ao 100%.
 - b. Cómputo correcto de xornada.

Tamén, se acordou en manifestarse o día da folga ás 12:00 da mañá en San Caetano, dirixíndonos a San Lázaro. A esta manifestación acordamos ir con batas.

Aproximadamente ás 20:00 horas concluiu a asemblea.

M^a José Fernández Domínguez

Xoán Carlos Eirea Eiras